



Terceiro exame: coñecemento de galego

Instrucións

- O exame ten 5 preguntas.
Debes marcar as respostas na folla de respostas.
Tamén tes que contestar a pregunta número 6.
A pregunta número 6 é unha pregunta de reserva.

- Tes **media hora** para facer o exame.

- Todas as preguntas teñen 4 respostas.
Solo 1 resposta é correcta.
As preguntas que respondas ben suman 1 punto.
As preguntas que deixes en branco non puntúan.
As preguntas que respondas mal non puntúan.

- Cando termines o exame,
entrega o cuestionario e a folla de respostas.
Debes entregar o cuestionario e a folla de respostas
á persoa da organización que está na porta pola que entraches.
A persoa da organización entregaráche
a copia da folla de respostas de cor azul.

- Podes descargar o cuestionario de preguntas
na páxina web www.sergas.es

Le con atención as normas para cubrir as respostas do exame.

1. A vaca é un animal mamífero.

O fillo da vaca chámase xato e tamén cuxo.

Como se chama o fillo do cabalo?

- A) Pito.
- B) Cadelo.
- C) Carneiro.
- D) Poldro.

2. De que cor é o sangue?

- A) Amarela.
- B) Azul.
- C) Vermella.
- D) Roxa.

3. En inverno, coa chegada do frío, adoitamos coller arrefriados e bronquite.

Os arrefriados e bronquite son enfermidades que afectan ao sistema respiratorio.

Cal das seguintes enfermidades se adoita coller no inverno?

- A) Colite.
- B) Bronquite.
- C) Cancro.
- D) Diabetes.

4. María foi visitar aos seus avós esta mañá.

De camiño á súa casa caeu na beirarrúa e rompeu o ombreiro.

Que significa a palabra "ombreiro"?

- A) Parte do corpo onde comeza o brazo.
- B) Peza de vestir que se pon na cabeza.
- C) Bastón de madeira.
- D) Zona da perna preto do pé.

5. As comidas que realizamos no día son o almorzo, o xantar, a merenda e a cea.

Como se chama a comida que tomamos pola mañá antes de ir á escola ou a traballar?

- A) Xantar.
- B) Merenda.
- C) Almorzo.
- D) Cea.

Preguntas de reserva

1. Xurxo vive cos seus pais e irmáns en Vilarelle, nunha casa que está á beira da Fraga de Unces. Que palabra significa o mesmo que a palabra "fraga"?

- A) Bosque.
- B) Camiño.
- C) Ría.
- D) Aldea.